

# E-DIXITALIZACIÓN FÍSICA

## MANUAL DE USO

Paula Álvarez Lavandeira
Educación Físca 6º E.P.

## Índice


*1. Comezamos!* ........ *3*

*2. Cápsula do tempo* ........ *4*

*2.1. Elaboramos unha cápsula do tempo* ........ *4*

*2.2. Que inclúo na miña cápsula do tempo?* ........ *5*

*3. Valora as cápsulas do tempo* ........ *6*

*4. Cápsulas de axuda* ........ *6*

*5. Documentos de interese* ........ *7*

*6. Atención á diversidade* ........ *8*

*7. Avaliación* ........ *8*

# 1. Comezamos!

**Comezamos!** é a primeira páxina que atoparemos ao acceder a o recurso **“Cápsula do tempo”.**

Navegando por esta primeira páxina poderíamos atopar todo o necesario para levar a cabo as actividades. Mais a idea é que podamos ir descubríndoas pouco a pouco.

Incorporáronse á imaxe uns números para facilitar a súa explicación.




O **número 1** indícanos o título desde proxecto

O **número 2** é o menú principal do proxecto. Picando en cada lapela descubriranse distintas actividades relacionadas co proxecto. As veremos máis adiante.

Por outra banda, picando na icona **número 3** pasaríamos á páxina seguinte.

Finalmente, o **número 4** da acceso a esta barra de accesibilidade grazas á cal a persoa usuaria do recurso poderá cambiar aspectos esenciais para a súa correcta visualización. Por exemplo, cambiando a fonte da letra, o tamaño, ou unha lectura guiada do que se atopa na pantalla.




**Estes catro elementos estarán presentes en todas as páxinas do recurso.**

Como pode percibirse na primeira imaxe, a lapela **“Comezamos!”** ten como protagonista un vídeo que servirá para introducir ao alumnado na situación de aprendizaxe que van desenvolver.
Tamén encabeza as distintas lapelas do proxecto que serán presentadas a continuación.

## 2. Cápsula do tempo

Nesta segunda lapela o alumnado descubrirá o significado das cápsulas do tempo. Mediante un xogo interactivo, tamén identificará que obxectos poden selo e cales non.




### 2.1. Elaboramos unha cápsula do tempo

Nesta sección o alumnado atopará uns vídeo-titoriais para elaborar as súas propias cápsulas do tempo. Dende os primeiros pasos, a edición de animacións, integración de elementos multimedia, incorporación de interactividade, etc.



Ademais dos video-titoriais, máis abaixo o alumnado poderá atopar unha simulación da elaboración da cápsula. A través duns vídeos interactivos terán que sinalar as opcións correctas para continuar o visualizado do vídeo.







## 2.2. Que inclúo na miña cápsula do tempo?

Nesta sección atoparemos unha axuda para as distintas categorías que o alumnado pode incluir na súa cápsula do tempo sobre o patrimonio cultural da súa familia.




## 3. Valora as cápsulas do tempo

Aquí, o alumnado atopará unha rúbrica coa que poderán valorar o contido e diseño da súa propia cápsula do tempo. Do mesmo xeito, poderán empregala tamén como avaliación das cápsulas e exposicións do resto de persoas da súa clase.




| | Moi ben | Ben | Regular | Necesita mellorar |
|---|---|---|---|---|
| **Portada** | É bonita, chamativa ou motivante polas súas animacións (1) | É bonita ou chamativa pero non é motivante (0.75) | Non é moi chamativa (0.5) | É difícil de ler (0.25) |
| **Índice** | Completo e chamativo (1.5) | Completo (1.25) | Fáltalle algunha sección (1) | É difícil de ler (0.75) |
| **Seccións** | Ten moitas seccións grazas ás que podemos coñecer o patrimonio da súa familia (1.5) | Ten seccións variadas (1.25) | As seccións non son moi variadas (1) | Soamente ten unha sección (0.75) |
| **Número de xemplos** | Presenta máis de 5 exemplos en cada sección (1) | Presenta máis de 5 exemplos na maioría das seccións (0.75) | Presenta entre 3 e 2 exemplos na maioría das seccións (0.5) | Presenta 1 exemplo na maioría das seccións (0.25) |
| **Estereotipos de xénero** | Non se percibe distinción de xénero algunha nos exemplos e aparece un número equilibrado de persoas de cada xénero (1.5) | Non se percibe distinción de xénero nos exemplos pero hai máis participantes dun xénero que do outro (1.25) | Hai algunha distinción de xénero nos exemplos. Os máis dinámicos son exemplificados por homes e os máis tranquilos por mulleres (1) | Vese claramente unha distinción de xénero segundo o tipo de exemplo que se ensina (0.75) |
| **Variedade multimedia (imaxes, audios e vídeos)** | A variedade multimedia é adecuada para coñecer os exemplos á perfección (1) | A variedade multimedia é suficiente (0.75) | Necesitaríase máis variedade multimedia para entender algún exemplo (0.5) | Necesitaríase máis variedade multimedia para entender os exemplos (0.25) |
| **Navegación** | Conta con todos os botóns necesarios para navegar polas disintas páxinas da cápsula (1.5) | Conta cos botóns suficientes para moverse pola cápsula (1.25) | Falta algún botón para poder navegar pola cápsula con facilidade (1) | Soamente pódese navegar cara adiante (0.75) |
| **Exposición** | Moi clara, divertida e non demasiado longa (1) | Clara e divertida ou clara e non demasiado longa (0.75) | Un pouco monótona ou algo longa (0.5) | Longa ou monótona (0.25) |

PAL. *Rúbrica de exemplo (4x8)* (Dominio público)

## 4. Cápsulas de axuda

Dentro da lapela de cápsulas de axuda, o alumnado atopará distintos deseños de cápsulas que poderán descargar e editar como base da súa.




## 5. Documentos de interese

A última lapela da ferramenta *Exe-learning* inclúe as 3 guías de uso nas que se basea o presente proxecto.

**1. E-dixitalización Física,** a guía didáctica que contextualiza, xustifica e afonda nos obxectivos desta ferramenta.

**2. Manual de uso,** o presente documento no que se presenta toda a ferramenta dixital e os seus diferentes contidos.

**3. Multimedia referenciada,** unha táboa que contén todos os elementos multimedia (imaxes, sons, vídeos...) coa súa licencia de autoría para ser empregados nesta ferramenta.



## 6. Atención á diversidade

Para garantir que todo o alumnado, independentemente das súas características, capacidades e necesidades, poda participar na situación de aprendizaxe:

- **Barra de accesibilidade** para cambiar a fonte, tamaño da letra e lectura guiada da pantalla.
- **Información** en diferentes formatos: imaxe, vídeo e audio.
- **Enunciados claros,** sinxelos e curtos.
- **Organización,** actividades en parellas ou grupais.

## 7. Avaliación

A propia ODE incorpora unha rúbrica de avaliación que podemos empregar de diversas maneiras.

- Auto-avaliación: o alumnado pode valorar a súa propia cápsula do tempo mediante os distintos ítems de avaliación da rúbrica.
- Co-avaliación: todas as persoas da clase poden valorar as cápsulas das demais utilizando a mesma rúbrica que empregaron na auto-avaliación.
- Avaliación do profesorado: facendo uso da mesma rúbrica o profesorado poderá valorar os resultados obtidos nas cápsulas do tempo. Tamén poderá analizar a valoración que o alumnado ten da súa propia cápsula en comparanza co que pensan as demais persoas da clase.